

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: CRA de Oroso

CURSO: 1º Primaria

MATERIA: Lingua Galega

DEPARTAMENTO:

DATA: 12/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Comprender o sentido global dun texto, identificar información relevantes e irrelevantes, ampliar o vocabulario.	1.1. Identifica a idea principal en textos informativos sinxelos
2. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou produción de medios de comunicación estándares.	2.1. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia tanto os producidos con finalidades didácticas como os de uso cotián (folletos, descrições, instruccións e explicacións).
3. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situación cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita	3.1. produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situación cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. 3.2. Interesase por aplicar regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
4. Usar as normas e estratexias da escritura e dos aspectos gráficos para a produción de textos.	4.1. Utiliza palabras sinxelas que conteñan os grupos consoánticos <i>bl</i> e <i>br</i> 4.2. Recoñece trazos da estrutura básica de textos de uso común: listas e receitas.
5. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas: aplicar a regra ortográfica na escritura de palabras con <i>m</i> antes e <i>p</i> e <i>b</i> .	5.1. Escribe coa caligrafía e a ortografía correctas palabras que conteñen <i>m</i> antes de <i>p</i> e <i>b</i> .
6. Recrear e describir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: usando modelos.	6.1. Recrea e describir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte, usando modelos.
7. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	7.1. Identifica nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Seguemento do traballo realizado na aula virtual (acceso, envío de materiais...). Análise da participación nas videoconferencias. Análise do traballo escrito do alumnado.</p>
	<p>Instrumentos: Informes da aula virtual do alumnado con datos de acceso. Folla de control do profesorado. Cartafol individual cos traballos enviados pola familia do alumnado por calquera medio de comunicación dos establecidos polo centro.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, basearémonos nas cualificacións do 1º e 2º trimestre do curso 19-20, valorando de xeito positivo o traballo deste 3º trimestre. A repercusión do traballo do 3º trimestre nas cualificacións finais do alumnado solo poderá ser positiva.</p> <p>Para cualificar ao alumnado na avaliación final/ordinaria, manterase a nota do 2º trimestre, podendo mellorarse, de ser o caso, polo traballo desenvolvido no 3º trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Fixéronse tarefas de recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación, na medida en que cada alumno/a podía avanzar. Individualizouse ao máximo o proceso de ensino-aprendizaxe.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Alumnado con conectividade: Publicación de propostas didácticas na aula virtual do centro. Videoconferencias grupais dúas veces por semana. Contactos individuais e envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail aula virtual, aplicacións de mensaxería...)</p> <p>Alumnado sen conectividade: Contactos individuais e envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail aula virtual, aplicacións de mensaxería...).</p> <p>Ao alumnado de Educación Primaria mandóuselles os libros de texto ao seu domicilio.</p>
Materiais e recursos	Materiais dixitais e aula virtual do centro educativo e da editorial Santillana. Libros de texto do 3º trimestre entregados ás familias.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Videoconferencias, aula virtual e web do centro.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Publicada a información na web do centro, con data 14/05/20 e enviada unha mensaxe por abalarMóbil a cada un dos proxenitores.</p>